



**sindicato nacional
de comisiones obreiras**

NORMAS
X CONGRESO NACIONAL

(Aprobadas no Consello Nacional do 20 de abril de 2012)

ÍNDICE

- Presentación
- Disposicións transitorias
- Normas xerais
- Calendario previo ao X Congreso Nacional
- Capítulo I. Sobre as asembleas congresuais e conferencias congresuais do primeiro nivel que terán lugar no marco do X Congreso do S. N. de CCOO de Galicia
- Capítulo II. Sobre os congresos do segundo nivel que terán lugar no marco do X Congreso do S. N. de CCOO de Galicia
- Capítulo III. Sobre os congresos do terceiro nivel de federacións nacionais e unións comarcais e intercomarcais no marco do X Congreso do S. N. de CCOO de Galicia.
- Capítulo IV. Sobre o Congreso do S. N. de CCOO de Galicia
- Capítulo V. Sobre os acordos de congresos e asembleas congresuais previas ao X Congreso do S. N. de CCOO de Galicia
- Capítulo VI. Sobre as impugnacións e reclamacións
- Anexo I. Número de delegados e delegadas que comporán os diferentes congresos en función do número de afiliados e afiliadas.
- Anexo II. Procedemento extraordinario de urxencia da CGC para a resolución dos recursos aos procesos congresuais
- Anexo III. Distribución de delegados e delegadas por media de cotizacións no período 2009-2011.
- Anexo IV. Modelos de actas
- Calendario do X proceso congresual confederal e do Sindicato Nacional

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Como o proceso congresual aprobado polo Consello Confederal necesita ser adaptado á nova situación en que se vai desenvolver o Congreso, introdúcense algunhas modificacións organizativas, polo que é necesario aprobar, xunto co articulado que constitúe o corpo normativo que tutelará o desenvolvemento do X Congreso Nacional, as seguintes disposicións transitorias que faciliten o devandito proceso e que, sen modificar as disposicións estatutarias vixentes, permitan encher as lagoas e clarifiquen algúns aspectos novos que, loxicamente, non están recollidos na normativa estatutaria actual.

Disposición transitoria primeira

Coa convocatoria do X Congreso Confederal, ademais de aprobarse o recollido nos Estatutos actuais, quedarán convocadas todas as asembleas congresuais e conferencias congresuais do primeiro nivel e todos os congresos de segundo e terceiro nivel, que se celebrarán nas datas sinaladas no calendario previo ao X Congreso Confederal. Así mesmo queda convocado o X Congreso do Sindicato Nacional de Galicia.

As estruturas organizativas dos niveis I, II e III absteranse de elaborar normas congresuais, e deberán rexerse única e exclusivamente por estas normas ou polas da súa rama, se for o caso. Para a execución do proceso congresual no seu ámbito aprobarán un ANEXO específico de contido organizativo, que recolla as súas circunstancias particulares e concretas: número de asembleas, participantes, orde do día, regulamento, número de delegados/as para elixir, etc.; e todo iso dentro do calendario fixado por estas Normas ou polas da súa rama, se for o caso.

Disposición transitoria segunda

As seccións sindicais constituídas realizarán a súa conferencia congresual —coa posibilidade de simultanear a elección dos seus órganos de dirección coa da delegación que asistirá aos congresos do nivel II— dentro das datas sinaladas polo calendario para o nivel I. É obriga celebrala naquelas seccións sindicais que, na data de aprobación destas Normas, leven catro anos ou máis sen renovar os seus órganos de dirección, salvo as seccións sindicais intercentros que non elixan delegadas/os neste proceso congresual.

Disposición transitoria terceira

O peche provisional dos censos electorais efectuarase o 30 de xuño de 2012. Este censo será a listaxe básica sobre a que afiliados e afiliadas poderán presentar as impugnacións que estimaren convenientes, de acordo co disposto respecto diso nas normas aprobadas para o desenvolvemento do X Congreso Nacional.

Disposición transitoria cuarta

Poderanse facer achegas ao Relatorio nacional: todas as persoas afiliadas poderán propor ideas, colaboracións e suxestións ao seu contido, que se dirixirán á Comisión de Relatorios nacional. Esta Comisión establecerá os prazos para a súa incorporación, estudaraas e decidirá se as achegas poden ser asumidas parcial ou totalmente.

A Comisión de Relatorios do X Congreso Nacional determinará o prazo en que os afiliados e as afiliadas poderán enviar as achegas co fin de incorporalas ou non aos relatorios.

Disposición transitoria quinta

O Consello Nacional aprobará, ao mesmo tempo que o documento do relatorio congresual, o método de presentación e discusión das emendas recibidas, para o seu posterior debate no marco do Congreso Nacional.

Disposición transitoria sexta

Os mandatos dos congresos extraordinarios vixentes terán unha duración limitada ata o próximo proceso congresual. Desta maneira, todas as organizacións do Sindicato Nacional realizarán os congresos dentro do mesmo proceso congresual. Así mesmo, os congresos ordinarios daquelas organizacións que por causas excepcionais se realizaron fóra do calendario establecido así como os congresos extraordinarios, adaptaranse ao novo modelo. Deberán axustarse tamén ao calendario aprobado nestas normas aquelas organizacións con dirección provisional ou xestora cuxo mandato finalice unha vez convocado o proceso congresual.

Disposición transitoria sétima

1. A Comisión Executiva Nacional aprobará a creación da Comisión de Interpretación das Normas Congresuais, que, respectando a proporcionalidade existente no órgano, estará localizada e presidida pola Secretaría Nacional de Organización. Esta Comisión coñecerá en primeira instancia as reclamacións que sobre o proceso congresual se fagan desde o nivel III do seu ámbito.
2. En segunda instancia coñecerán de todos os recursos que se interpoñan contra as resolucións da Comisión do nivel III.
3. Igualmente, e cos mesmos parámetros ca as anteriores, crearanse en todas as comisións executivas do nivel III unha Comisión de Reclamacións Congresuais. Estas comisións coñecerán en primeira instancia as reclamacións sobre o proceso congresual que se fagan desde os niveis I e II do seu ámbito.
4. As resolucións da Comisión Nacional de Interpretación de Normas en primeira instancia ou en segunda instancia e as da Comisión de Interpretación de Normas e Resolución de Reclamacións das organizacións que conforman o Sindicato Nacional en segunda instancia porán fin ao procedemento de reclamacións na vía organizativa, sendo por tanto definitivas e executivas.
5. Finalizada esta vía de recursos, e para o exclusivo suposto de que o/a reclamante entendese que se vulneraron os principios de democracia interna recoñecidos nos Estatutos, poderase recorrer polo procedemento extraordinario de urxencia perante a Comisión de Garantías, sen que a interposición do devandito recurso interrompa o desenvolvemento do proceso congresual.
6. As organizacións que conforman o Sindicato Nacional establecerán os mecanismos para verificar que ao comezo das asembleas congresuais e conferencias congresuais do nivel I e os congresos dos niveis II e III se resolveron todas as reclamacións relacionadas co correspondente proceso.

Disposición transitoria oitava

Para os efectos de aplicación do artigo 19 dos Estatutos do Sindicato Nacional, non se considerará dimisión cando un ou varios membros do órgano colexiado teñan que

abandonalo por ser elixidos para desempeñar cargos noutro órgano de dirección superior en calquera das estruturas de rama ou territorio confederadas, se esta se produce dentro dos prazos establecidos nas normas congresuais para o desenvolvemento do congreso do artigo 15.1 dos mesmos Estatutos.

Para estes efectos, os novos membros incorporados ao órgano para cubrir estas dimisións terán o mesmo tratamento que os elixidos directamente no congreso correspondente.

Disposición transitoria novena

Unha vez aprobadas polo Consello Nacional, estas Normas Congresuais poderán ser obxecto de impugnación diante da Comisión Confederal de Interpretación de Normas e Resolución de Recursos, no prazo de dous días contados a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia (www.galicia.ccoo.es).

Así mesmo, poderán ser obxecto de impugnación polo procedemento extraordinario de urxencia ante a Comisión de Garantías Nacional, polo único e exclusivo motivo da vulneración dos principios de democracia interna recoñecidos nos Estatutos. A impugnación ha de ser presentada no improrrogable prazo de quince días contados a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia (www.galicia.ccoo.es).

NORMAS XERAIS

- A.** Os relatorios e programa de acción correspondentes aos congresos das organizacións que conforman o Sindicato Nacional deberán cingirse nos seus contidos ao ámbito estrito das súas competencias, establecidas na configuración e integración do Sindicato Nacional. Por tanto, non se incluírán neles materias e competencias doutros ámbitos ou estruturas. No entanto, para o suposto de que no proceso congresual dunha organización das que conforman o Sindicato Nacional se aprobase calquera documento que total ou parcialmente entrase en contradición cos documentos do S. N. finalmente aprobados, aqueles deberán adaptarse a estes últimos tan axiña que como sexa posible. Para iso, o Consello correspondente deberá incorporar nas súas competencias a de aprobar, de forma extraordinaria e con este único fin, a adaptación dos seus documentos congresuais aos do S. N.
- B.** Aos congresos da estrutura sindical dependente das organizacións que conforman o Sindicato Nacional (federacións de nacionalidade e unións comarcais e intercomarcais) corresponderalles, excepcionalmente, debater un informe que complemente no seu ámbito os da súa estrutura superior de rama ou territorio.
- C.** Aos congresos das estruturas dependentes destas últimas corresponderalles debater soamente informes xerais e de xestión dos órganos de dirección saíntes e, eventualmente, aquelas resolucións que se estimen necesarias por xustificadas.
- D.** Para ordenar o proceso congresual e evitar a coincidencia de convocatorias das organizacións que conforman o Sindicato Nacional, as datas dos congresos fixaranse segundo o calendario que se xunta a estas Normas.
- E.** Procurarase unha representación adecuada das delegacións atendendo ao tamaño dos centros de traballo, en especial os das PEMES, a persoas sen emprego, inmigrantes, afiliación máis nova e categorías como técnicos/as e cadros.
- F.** No desenvolvemento de CCOO como sindicato de homes e mulleres e para lograr a plena participación, compromiso e responsabilidade en todas as estruturas de dirección electas e nas delegacións que corresponde elixir para os congresos e conferencias, as candidaturas nas organizacións en que a afiliación de mulleres sexa inferior ao 30 por 100 incorporarán como mínimo un número de mulleres proporcional ao número de afiliadas na devandita organización, incrementado nun 10 por 100. Naquelas organizacións en que a afiliación de mulleres sexa igual ou superior ao 30 por 100 do total da afiliación, as candidaturas gardarán a proporción do 60/40 por 100 para cada sexo. As proporcións mencionadas deberán ser respectadas nas listas nos dous niveis: titulares e suplentes.

Nos congresos ou asembleas congresuais do primeiro nivel, o número de homes e mulleres que integrarán as candidaturas, tanto para os órganos electos como para as delegacións que se elixan para os outros niveis congresuais, será proporcional á afiliación de cada sexo na circunscrición congresual correspondente.

Respecto da localización das candidatas e candidatos na configuración das candidaturas, rexerá o que dispoñan as normas que se aproben para a celebración de cada proceso congresual, asegurando tanto no conxunto das candidaturas como nos seus primeiros postos o equilibrio porcentual de cada sexo sinalado anteriormente para cada nivel congresual. Así mesmo, desde as organizacións convocadoras facilitarase, amais do número de persoas que deben conformar cada lista electoral, o

número de mulleres e de homes que corresponden; e cando concorran varias candidaturas, procurarase que a suma de persoas electas garanta o resultado establecido.

Para ese efecto, as estruturas das organizacións sindicais, incluídas as de centro de traballo, deberán dispor, no proceso electoral, dos datos de afiliación (número e porcentaxe que representan sobre o total da afiliación) desagregados por sexo e idade, que se publicarán canda o censo electoral.

Para o suposto de que se teñan que realizar substitucións de delegados e delegadas, procederase de forma que a persoa substituta sexa do mesmo sexo que a substituída.

- G.** Da mesma maneira, e para potenciar a participación da afiliación de idade máis nova, todas as asembleas congresuais e congresos procurarán que as candidaturas presentadas para os seus órganos de dirección como para as delegacións aos procesos congresuais conteñan unha representación axeitada deste colectivo.
- H.** Entenderase que as candidaturas que se presenten nas diferentes asembleas congresuais ou congresos cumpren os requisitos (constancia da aceptación indubidable, art. 10 Estatutos do S.N.) cando van coa sinatura orixinal e acompañada de fotocopia de DNI, NIE, carné de conducir ou pasaporte de cada compoñente delas.
- I.** O incumprimento de calquera dos prazos establecidos nestas Normas por parte da estrutura organizativa competente facultará a estrutura organizativa superior para asumir a dirección do concreto proceso congresual.

CALENDARIO PREVIO AO X CONGRESO NACIONAL**1.- Primeiro nivel**

Correspóndelles ás asembleas congresuais ou conferencias congresuais das seccións sindicais ou centros de traballo/empresas de 25 afiliados/as ou máis e ás de agrupamentos daquelas que teñan menos de 25 afiliados/as.

Nas asembleas congresuais elixiranse as delegacións que irán ao congreso do nivel II.

Do **3 de setembro ao 28 de setembro** celebraranse as asembleas congresuais ou conferencias congresuais do nivel I.

O **10 de outubro** deberán estar resoltas todas as reclamacións que se presentaran sobre o desenvolvemento do proceso congresual no nivel I.

2.- Segundo nivel

Correspóndelles aos congresos dos sindicatos comarcais ou intercomarcais.

Celebraranse do **11 ao 25 de outubro** e neles elixiranse as delegacións que asistirán aos congresos das federacións nacionais e unións comarcais e intercomarcais e aos seus órganos de dirección específicos.

O **7 de novembro** deberán estar resoltas todas as reclamacións que se presentaran sobre o desenvolvemento do proceso congresual no nivel II.

3.- Terceiro nivel

Correspóndelles aos congresos das federacións nacionais e unións comarcais e intercomarcais.

Celebraranse do **8 ao 18 de novembro** os congresos das unións comarcais e intercomarcais. E do **19 de novembro ao 5 de decembro** os congresos das federacións nacionais. Neles elixiranse os delegados/as que asistirán aos congresos das federacións estatais e do Sindicato Nacional e os seus órganos de dirección específicos.

O **29 de novembro** deberán estar resoltas todas as reclamacións que se presentaran sobre o desenvolvemento do proceso congresual no nivel III en relación cos congresos de unións comarcais e intercomarcais. O **19 de decembro** deberán estar resoltas todas as reclamacións que se presentaran sobre o desenvolvemento do proceso congresual do nivel III en relación cos congresos das federacións nacionais.

4.- Cuarto nivel

Correspóndelle ao congreso do Sindicato Nacional. Celebrarase os días **24 e 25 de xaneiro de 2013**.

Ata o 5 de febreiro: data límite para o envío de emendas á Secretaría de Organización Confederal.

O **8 de febreiro** deberán estar resoltas todas as reclamacións que se presentaran sobre o desenvolvemento do proceso congresual do nivel IV.

CAPÍTULO I**SOBRE AS ASEMBLEAS E CONFERENCIAS CONGRESUAIS DO PRIMEIRO NIVEL QUE SE CELEBRARÁN NO MARCO DO X CONGRESO DO SINDICATO NACIONAL DE COMISIÓNS OBRERAS DE GALICIA**

1.- Celebrarán asembleas congresuais ou conferencias congresuais todas as seccións sindicais de centros de traballo ou empresas que teñan 25 afiliados/as ou máis.

Os centros de traballo que teñan menos de 25 afiliados/as a CCOO agruparanse por zonas ou sectores, segundo as normas das súas federacións estatais e os anexos específicos que aprobe cada organización, para celebrar a súa asemblea congresual.

Estas asembleas ou conferencias congresuais do primeiro nivel terán dúas fases ben diferenciadas: unha, a fase ou asemblea deliberativa, na que a afiliación poderá participar para debater e presentar as emendas que estime oportunas aos relatorios ou documentos congresuais, obxectos do debate; outra, a fase electiva, que se convocará na mesma xornada ou con posterioridade á celebración da fase deliberativa, na que toda a afiliación da circunscrición electoral convocada poderá votar e elixir de entre as candidaturas presentadas para elixir as delegacións que asistirán aos congresos do segundo nivel.

Serán os órganos convocadores destas asembleas congresuais os que, ao redactar e aprobar os anexos ás normas federais para o seu desenvolvemento, deberán especificar clara e detalladamente o tempo de duración de fase, deliberativa e electiva, co fin de que a afiliación convocada coñeza fidedignamente o lugar, data e hora en que se desenvolverán ambas as fases, fixando, en calquera caso, un tempo mínimo de catro horas de duración para a fase electiva ou de votación. Así mesmo, estes mesmos órganos convocadores constituiranse nos colexios electorais previstos no documento para un novo modelo de congresos para os efectos de seguimento de todo o proceso congresual do seu ámbito, cuxas competencias serán, ademais das recollidas nos seguintes artigos destas normas, as de recibir e validar as candidaturas que se presenten, de acordo co estipulado no artigo 6.

Co fin de atender e facilitar a tarefa do colexio electoral no desenvolvemento da fase electiva, constituiranse mesas electorais en todas as asembleas congresuais que deban elixir delegados/as. Tanto nas de 25 afiliadas/os ou máis como nas asembleas de agrupamento de centros ou empresas de menos de 25 afiliados/as, as mesas electorais estarán constituídas por tres membros do órgano convocador.

O órgano convocador estará sempre referido á Comisión Executiva das seccións sindicais constituídas e, na súa falta, á Comisión Executiva do órgano superior de rama constituído.

As funcións e competencias das mesas electorais serán as seguintes:

1. Terán a custodia dos censos definitivos.
2. Terán a custodia das urnas para a votación.
3. Controlarán todo o proceso da votación desde o momento da constitución da mesa, segundo o disposto nas normas aprobadas polo órgano convocador da asemblea congresual.
4. Aclararán calquera dúbida que puidese presentarse ante ela respecto do proceso da votación, de acordo coas normas aprobadas para o efecto.

5. Resolverán as impugnacións presentadas referidas a actos propios e relacionados co proceso de votación dentro do día seguinte á súa presentación, salvo as presentadas o último día da votación, que se farán constar na acta final de escrutinio de resultados.

6. Elaborarán a acta de constitución da mesa e a acta final de escrutinio coa atribución de resultados. Á devandita acta acompañaranse todos os votos nulos recibidos e canta documentación xerarse o proceso de votación, incluídas as impugnacións recibidas e resoltas.

7. As impugnacións realizadas perante a mesa electoral o día último da votación serán resoltas pola Comisión de Reclamacións Congresuais do nivel III.

Cada candidatura poderá designar un interventor por mesa electoral, para exercer as súas funcións ante elas.

As urnas serán facilitadas polo órgano convocador e estarán á disposición das mesas electorais desde o momento en que se constitúan ata o sinalado para a votación, co obxecto de facilitar a fase electiva, consonte as normas aprobadas respecto diso.

Nos centros de traballo ou empresas con alto número de cotizantes, é conveniente facer asembleas congresuais por: naves, liñas, departamentos, etcétera. Elixirán delegacións á asemblea congresual de todo o centro de traballo e/ou empresa, facilitando así o debate e a máxima participación.

Se nunha provincia ou comarca recoñecida sindicalmente existise máis dun centro de traballo da mesma empresa con afiliación, poderanse realizar asembleas congresuais por centro e/ou empresa.

As persoas desempregadas con carné de afiliación correspondente a unha das ramas constituídas participarán nas asembleas congresuais que celebren estas estruturas, conforme aos encadramentos organizativos en que participen adoito.

Cada sindicato comarcal e intercomarcal, ou, de non o haber, a federación nacional, dotarase para enviar, segundo cada caso, a localidades e/ou comarcas e organizacións superiores de rama e territorio con tempo suficiente, as seguintes relacións:

- a) Relación nominal dos centros de traballo e/ou empresas que deberán celebrar asemblea congresual e/ou conferencias congresuais por teren 25 afiliados/as ou máis a CCOO.
- b) Relación nominal das comarcas, poboacións, polígonos, etcétera que deben celebrar asemblea congresual de rama coa afiliación daqueles centros de traballo que non teñen 25 afiliados/as.
- c) Relación nominal dos sindicatos comarcais e intercomarcais que deben celebrar congresos.
- d) Número de persoas delegadas que deben elixir en cada asemblea congresual para formar o congreso do sindicato comarcal e intercomarcal, desagregado por razón de sexo.
- e) As normas federais e anexos específicos que regularán os seus procesos congresuais.

As circunscricións territoriais e dos centros de traballo e/ou empresas corresponderanse coas circunscricións electorais que configuraron o anterior proceso congresual.

2.- As diferentes asembleas congresuais de centro de traballo e/ou rama, as dos agrupamentos, deberá convocalas publicamente o órgano de dirección do respectivo centro e/ou rama ou sindicato de pensionistas, cunha antelación mínima de 30 días

naturais, para facilitar a asistencia e participación da súa afiliación. Para estes efectos, remitirase a convocatoria mediante correo electrónico, SMS ou carta persoal ao correo electrónico, teléfono móbil ou ao domicilio da persoa afiliada que figure no Sistema Informático Confederal, garantindo en todo caso que a comunicación chegue ao conxunto da afiliación.

Para favorecer a participación teranse en conta as quendas de traballo e horarios.

Os órganos convocadores terán en conta as normas aprobadas e anexos específicos de contido organizativo para a elección e participación de delegadas e delegados nas asembleas congresuais de seccións sindicais de centro de traballo e/ou empresa de 25 afiliados/as ou máis, as de empresas de menos de 25 afiliados/as agrupadas, así como as de rama. Esas normas específicas estarán de acordo coas aprobadas polas organizacións correspondentes de rama e territorio de ámbito superior, que en ningún caso entrarán en contradición coas normas aprobadas polo Consello Nacional.

As asembleas congresuais de empresas de menos de 25 afiliados/as agrupadas non poderán conformar un censo superior a 500 afiliados/as.

Nas asembleas congresuais poderán participar soamente aqueles afiliados e afiliadas que estean ao corrente de pagamento das súas cotizacións.

Fíxase a data de afiliación do 30-6-2012 como data de peche para os efectos de censo electoral provisional, para poder participar nas asembleas congresuais e/ou conferencias congresuais do nivel I.

Valéndose das listaxes de afiliación ao corrente de pagamento que se solicitarán á UAR e, complementariamente, cos datos que certificarán os órganos de dirección do ámbito correspondente para as persoas afiliadas aínda non integradas na UAR, confeccionaranse censos de afiliación con dereito a participar por estar ao corrente de pagamento, o que significa que cada persoa afiliada con ese dereito deberá ser incluída no censo do centro de traballo ou empresa onde traballa.

Canda a convocatoria das asembleas congresuais comunicarase a existencia de tales censos, que estarán a disposición nos locais do sindicato e/ou nos das seccións sindicais de empresa ou centro de traballo, para a súa comprobación, así como a localización dos devanditos censos dentro dos locais. Os censos estarán debidamente custodiados pola dirección do sindicato en cada ámbito, para preservar a debida intimidade dos datos persoais de cada afiliado e afiliada, atendendo ao disposto legalmente e nos Estatutos do Sindicato Nacional e confederais.

Ata cinco días antes da celebración da asemblea congresual, poderá ser impugnada ante o órgano convocador a exclusión ou indebida inclusión de persoas afiliadas no censo. Os devanditos órganos resolverán as impugnacións no prazo dun día contado a partir da data da reclamación, e comunicará razoadamente o resultado á persoa impugnante. Contra estas resolucións poderase interpor recurso no prazo dun día, contado a partir do seguinte á súa notificación, ante a Comisión de resolución de reclamacións do nivel III, que terá dous días para resolver e notificar, contados a partir da recepción da reclamación. Esta decisión será definitiva e executiva.

Nos supostos de impugnación por exclusións, o impugnante acompañará coa súa reclamación o último recibo emitido que acredite estar ao día de pagamento ou o último recibo de nómina en que conste o desconto da cotización. Pola contra, nos casos de impugnación por inclusión indebida no censo, será o órgano a quen corresponda resolver a impugnación o que deba acreditar con idénticos documentos, de proceder,

que a persoa ou persoas afiliadas sobre as que se expón a impugnación están ao corrente de pagamento.

Proclamado o censo definitivo 24 horas antes da celebración da asemblea congresual, será este o que se utilice para efectuar a correspondente acreditación, a presentación das candidaturas ao comezo das asembleas congresuais e o exercicio do dereito a voto.

Os órganos de dirección das seccións sindicais de centro de traballo e/ou empresa e os de rama comunicarán con suficiente antelación a data, lugar e orde do día das súas asembleas congresuais aos órganos superiores de rama e territorio, co propósito de que estean presentes na asemblea congresual membros dos órganos de dirección das devanditas organizacións.

3.- Na sesión de apertura das conferencias congresuais que deban elixir novos órganos de dirección, un/unha membro da dirección saínte fará a proposta para formar a presidencia do congreso, que procurará incluír un número de mulleres equivalente á porcentaxe das elixidas para asistir a el, someténdose posteriormente a votación. Unha vez aprobada, a presidencia sobe á mesa e elixe de entre os seus membros o presidente ou presidenta do congreso. A partir deste momento, os e as membros dos órganos de dirección cesarán nos seus cargos.

Nas asembleas congresuais, a presidencia e as súas funcións serán asumidas polo órgano de dirección convocador. No caso de que ao comezo da asemblea se presentase algunha proposta de presidencia, avalada por un mínimo do 10 por 100 da afiliación acreditada, someterase esta a votación e constituirase en mesa presidencial se obtiver a maioría simple dos votos.

A presidencia encargárase de dirixir a asemblea, moderar os debates, establecer os tempos para as distintas intervencións, ler e someter a votación as propostas. A persoa elixida presidente/a actuará como portavoz da presidencia. As funcións anteriormente descritas serán asumidas polos órganos de dirección regulares cando non proceda elixir novos órganos. Así mesmo informará do comezo e duración da fase electiva, con indicación expresa do lugar onde estea situada a mesa electoral.

4.- A orde do día da asemblea congresual debe conter a forma concreta de levar a cabo o debate dos textos propostos, ben polo pleno dos asistentes ou por comisións de traballo, e a votación aos órganos de dirección —se proceder— e as delegacións aos congresos das organizacións superiores de rama e territorio.

5.- No transcurso da asemblea congresual votaranse os textos dos temas propostos e as modificacións aos devanditos textos.

As conclusións, modificacións e resolucións aprobaranse por maioría simple. Enviaranse ás organizacións inmediatamente superiores todas aquelas propostas que alcanzasen maioría, así como as que, estando en minoría, alcanzasen o 10 por 100 dos votos da afiliación acreditada.

Durante a asemblea congresual de centro de traballo e/ou empresa e rama elixíranse as delegacións aos congresos ou asembleas congresuais das organizacións superiores de rama e territorio, coa posibilidade de compaxinar a elección coa votación dos textos, segundo se aprobou nas normas da convocatoria, respectando sempre o tempo mínimo para a fase electiva ou de votación, recollido no artigo 1 destas normas. Se proceder, en conferencia congresual convocada para o efecto, elixíranse os órganos de dirección da sección sindical.

6.- Nas asembleas congresuais de nivel I, os afiliados e afiliadas poderán presentar candidaturas para a elección das correspondentes delegacións aos congresos do nivel II e conferencias do seu ámbito correspondente. As candidaturas presentaranse no modelo normalizado, e deberán reunir todos os requisitos establecidos nos estatutos e nestas normas.

Os candidatos e candidatas deben ser afiliados/as ao corrente de pagamento con seis meses ou máis de antigüidade, e as candidaturas deben presentar tantos candidatos/as como delegados/as se elixan, máis un 20 por 100 de suplentes; deben estar asinadas en orixinal e acompañadas de fotocopia do seu DNI, NIE, carné de conducir ou pasaporte. Así mesmo as candidaturas gardarán a proporcionalidade á afiliación de cada sexo na circunscrición congresual correspondente.

As candidaturas, debidamente cubertas, presentaranse ante o órgano convocador cunha antelación mínima de tres días á data fixada para a votación.

Ao día seguinte da súa presentación, o órgano receptor, logo da comprobación, fará a proclamación provisional das candidaturas presentadas que cumpran os requisitos estatutarios e regulamentarios.

Contra esta proclamación provisional poderase interpor recurso ao día seguinte ante o órgano convocador, o cal, logo do requirimento de corrección, se for necesario, notificará ao día seguinte a súa resolución definitiva e executiva. As candidaturas serán proclamadas polo órgano convocador o día inmediatamente anterior á celebración da asemblea.

No caso de realizar conferencia a sección sindical, as candidaturas deberán cumprir os requisitos establecidos nos artigos 9 e 10 dos estatutos do Sindicato Nacional.

As normas específicas da convocatoria deberán recoller o momento da súa proclamación definitiva en función da duración establecida para a fase electiva e, en calquera caso, respectarase sempre a dita temporalidade, en función do número de electores/as proclamado, o tempo suficiente de exposición e o coñecemento das candidaturas proclamadas, antes do inicio da votación.

O dereito a votar e a elixir está reservado aos afiliados e afiliadas a CCOO ata o 30-6-2012 que se atopen ao corrente de pagamento efectivo da cota, entendendo como tal que, polo menos, se aboou unha cota e figura por iso no censo proclamado en cada ámbito.

Para poder presentarse á elección aos órganos de dirección de estruturas de seccións sindicais e ás delegacións dos congresos superiores, deberase contar con seis meses, polo menos, de antigüidade na afiliación no momento da convocatoria da asemblea congresual e/ou congreso de que se trate (art. 9, apartado *b* dos Estatutos do Sindicato Nacional).

7.- Da asemblea congresual redactarase a acta, que conterá: os textos dos temas debatidos e propostas de modificacións maioritarias aos devanditos textos; as eventuais resolucións; o resultado das votacións; os nomes das persoas elixidas, que conformarán os órganos de dirección —alí onde se elixisen— e os nomes dos delegados e as delegadas elixidos para participaren nos congresos ou asembleas congresuais das organizacións superiores de rama e de territorio. Unha copia desta acta enviarase inmediatamente ás secretarías de organización de rama e territorio.

CAPÍTULO II**SOBRE OS CONGRESOS DO SEGUNDO NIVEL QUE SE CELEBRARÁN NO MARCO DO X CONGRESO DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA**

8.- Deben celebrar congreso todos os sindicatos comarcais e intercomarcais.

9.- Os congresos serán convocados polo correspondente órgano de dirección, co período de antelación que marquen os respectivos estatutos de rama e, de non os haber, os do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia.

Todos os congresos se celebrarán dentro das normas específicas das organizacións superiores de rama, sen que poidan entrar en contradición con estas aprobadas polo Consello Nacional do S. N. de CCOO de Galicia.

A orde do día ou regulamento de cada congreso enviarase ás secretarías de organización dos órganos de dirección das organizacións inmediatamente superiores de rama e territorio.

10.- O número de delegadas e delegados que participarán en cada congreso non poderá ser superior aos asignados pola táboa anexa destas normas, e establecerase tomando como base a media de cotizacións que recibiu a organización que realiza o congreso ou asemblea congresual, correspondentes ao período que media entre o 1 de xaneiro do 2008 e o 31 de decembro de 2011. Nos casos en que, por circunstancias alleas á vontade da organización obrigada a liquidar, e acreditadas fidedignamente (falta de liquidez ou outras análogas), non se estea ao corrente de pagamento das cotizacións do período indicado, establecerase un período de liquidación adicional de quince días para regularizar, contados desde a aprobación das respectivas normas.

Participarán con plenitude de dereitos nos congresos todos os afiliados e afiliadas a CCOO que fosen elixidos como delegados ou delegadas na súa asemblea congresual para o congreso respectivo. Os e as membros da Comisión Executiva poderán ser natos aos congresos, pero en ningún caso os delegados e delegadas natos excederán o 10 por 100 do total. Se o número de membros da Comisión Executiva superase o devandito 10 por 100 do total, só asistirán como membros natos unha parte deles, respectando a proporcionalidade que puidese existir entre os integrantes da devandita Comisión Executiva dentro do límite do citado 10 por 100.

11.- Na sesión de apertura dos congresos que deban elixir novos órganos de dirección rexerá o disposto no apartado 3 destas Normas congresuais.

A presidencia terá estas funcións: moderar os debates, ler as propostas de resolución, establecer os tempos para as distintas intervencións, sometelas a votación e ser a dirección sindical ata o momento en que o congreso elixa os novos órganos de dirección.

O presidente ou presidenta será o portavoz da presidencia. Abrirá o congreso, pasando a votación o regulamento e orde do día do congreso.

Aprobado o regulamento, dará a palabra ao secretario ou secretaria xeral saínte, para que lea o informe xeral.

12.- En todos os congresos deberán formarse as seguintes comisións:

a) Comisión de Credenciais

Verificará a identidade das persoas que asisten como delegados e delegadas ao congreso e resolverá os posibles conflitos e casos dubidosos.

A presidencia do congreso chamará os seus membros a reunirse para verificaren as credenciais e elaboraren a acta dando por válido o congreso. Na acta constará o número de delegadas e delegados convocados e os efectivamente acreditados, desagregándoos por sexos.

b) Comisión Electoral (ou de candidaturas)

Recibirá as propostas de candidaturas presentadas polas delegacións e polos delegados e delegadas ao congreso, propostas que deberán incluír un número de mulleres equivalente, polo menos, ao nivel de afiliación que teñan estas no seu ámbito, de acordo co parágrafo cuarto do artigo 10 dos Estatutos do S. N.

A presidencia do congreso chamará a membros da comisión a reunirse para elaboraren a proposta de candidatura de cada órgano que se vaia elixir e as delegacións que correspondan para os congresos das estruturas territoriais ou de rama superiores.

Poderán presentarse como candidatos e candidatas á elección de órganos de dirección aqueles afiliados ou afiliadas que acrediten seis meses de antigüidade na súa afiliación no momento da convocatoria do congreso de que se trate (art. 10, parágrafo segundo dos Estatutos do S. N.).

c) Nos congresos poderá existir ademais unha comisión de resolucións coas seguintes funcións: redactar as conclusións do congreso e as resolucións específicas que a presidencia lle indique.

A presidencia propondrá ao pleno do congreso, para a súa aprobación, os temas específicos sobre os que considera que debe existir resolución.

A presidencia chamará os seus membros a reunirse para redactar as conclusións do congreso e os proxectos de resolucións específicas.

Unha vez redactadas, as resolucións serán votadas polo pleno do congreso.

Calquera delegación ou delegado ou delegada poderá presentar á comisión unha resolución se vén referendada polo 10 por 100 das delegadas/os ao congreso, que se someterá ao pleno para a súa votación.

13.- Para a celebración do congreso, a comisión executiva da organización respectiva nomeará unha secretaría responsable do desenvolvemento e organización interna do congreso. As funcións desta secretaría serán:

- Responsabilizarse de toda a organización interna do congreso.
- Responsabilizarse das relacións coa prensa.
- Responsabilizarse das delegacións estranxeiras, nacionais e invitadas ao congreso (se as houber).
- Coordinar as comisións do congreso coa presidencia.
- Preparar, de acordo coa presidencia, a documentación necesaria para levar a cabo a orde do día do congreso.
- Fixar, de acordo coa presidencia, as quendas de palabras das delegacións estranxeiras e convidados (se os houber).

- Recibir as peticións de palabras dos portavoces das delegacións do congreso ou asemblea congresual e comisións de traballo para ordenalas e pasarllas á presidencia.
- De acordo coa presidencia, proverán os medios para a confección das actas das sesións do congreso.
- Dar os resultados das votacións.

14.- A orde do día ou regulamento do congreso debe conter a forma concreta de debater os textos dos temas propostos. Unha vez debatidos (ben por comisións de traballo, ben en sesión plenaria), someteranse a votación do pleno do congreso. A votación aos órganos de dirección —se proceder— e os delegados e delegadas aos congresos das organizacións superiores de rama e territorio realizarase durante o congreso.

A presidencia exporá claramente a opción ou opcións sobre as que se pronunciarán os delegados e delegadas, pedirá sucesivamente os votos a favor, en contra e abstencións.

Posteriormente, e sen paralizar a marcha do congreso, iranse lendo os resultados das devanditas votacións.

15.- Nos casos en que o congreso funcione por comisións de traballo, estas ateranse aos seguintes criterios:

- Ose as membros de cada delegación distribuiranse proporcionalmente entre as comisións específicas en que se divida o congreso para debater os textos dos temas propostos.
- Cada comisión elixirá un presidente ou presidenta e dous secretarios ou secretarias. A presidenta/e moderará os debates e someterá a votación da comisión as distintas alternativas.

Tamén poderá ser o ou a portavoz da comisión perante o pleno do congreso, defendendo os temas propostos ou as conclusións maioritarias a que chegou a comisión.

- As persoas que resultasen elixidas secretarios/as tomarán nota das modificacións ao texto dos temas propostos para o debate —no caso de estas alcanzaren a maioría simple da comisión—, redactarán a acta do debate, tomarán nota de quen serán portavoces das minorías cuxas propostas ante a comisión alcancen o 10 por 100 dos votos dos integrantes da devandita comisión e de quen serán portavoces das maiorías.
- Cada delegación exporá ante a comisión as eventuais conclusións ou emendas, que serán as aprobadas por maioría simple nas asembleas congresuais previas das organizacións inmediatamente inferiores á que realiza o congreso, máis aquelas que, sen obteren a maioría, acadasen polo menos o 10 por 100 dos votos dos delegados e delegadas acreditados.
- As conclusións ou emendas deberán enviarse, coa antelación que fixen as normas de participación do congreso, aos órganos de dirección da organización convocadora. Esa antelación será de, polo menos, unha semana.
- No pleno do congreso, quen presida a comisión exporá as modificacións ao texto orixinal que aprobara a maioría da comisión. Posteriormente, as minorías cuxas propostas de modificación ou emendas alcanzasen o 10 por 100 da comisión de traballo exporanas, respondendo a cada unha delas a presidenta ou presidente da comisión ou o/a correspondente portavoz elixido pola maioría. A duración da intervención de cada minoría ou portavoz da maioría e a de réplica do/a portavoz da maioría será fixada pola presidencia do congreso, en función do tempo dispoñible.

16.- No pleno do congreso, os textos dos temas propostos e as propostas de eventuais modificacións serán votadas globalmente con aquelas da mesma natureza, facéndose a votación por separado das de natureza distinta. As resolucións dos congresos serán votadas globalmente ou por separado, e a aprobación será por maioría simple.

17.- Durante os congresos elixiranse os órganos de dirección e as delegacións ao congreso da organización superior de rama e/ou territorio, podendo compaxinar a elección coa votación dos textos.

Deberase elixir, así mesmo, un 20 por 100 como mínimo de delegados/as suplentes, que só substituirán os titulares logo da renuncia por escrito destes, explicando as razóns da súa non asistencia. Os documentos de renuncia da persoa titular deberán ir asinados por ela.

No caso de haber máis dunha lista para a elección da delegación a congresos ou asembleas congresuais de organizacións superiores, enténdese que os e as suplentes o serán por cada unha delas.

18.- Do congreso redactarase a acta que conterà: os textos dos temas debatidos, as propostas de modificación dos devanditos textos, as eventuais resolucións, o resultado das votacións, os nomes das persoas elixidas que conformarán os órganos de dirección (alí onde se elixiran), os nomes das persoas elixidas para os congresos das organizacións superiores de rama e territorio, e as incidencias relevantes que puidesen producirse. Á devandita acta xuntarase un exemplar de cada candidatura presentada.

Unha copia desta acta enviarase inmediatamente ás secretarías de organización superiores de rama e territorio.

CAPÍTULO III

SOBRE OS CONGRESOS DO TERCEIRO NIVEL DAS FEDERACIÓNS NACIONAIS E UNIÓNS COMARCAIS E INTERCOMARCAIS NO MARCO DO X CONGRESO DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA

19.- Deben celebrar congresos todas as organizacións do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia correspondentes ás federacións nacionais e unións comarcais e intercomarcais.

20.- Os congresos convocaraos o correspondente órgano de dirección, de acordo co disposto na disposición transitoria primeira aprobada polo Consello Nacional con respecto ás datas recollidas no calendario previo ao X Congreso Nacional.

A orde do día ou regulamento de cada congreso enviarase ás secretarías de organización dos órganos de dirección das organizacións inmediatamente superiores de rama e/ou territorio.

21.- O número de delegados e delegadas que participarán en cada congreso non poderá ser superior aos asignados na táboa anexa destas normas, e establecerase tomando como base a media de cotizacións que recibiu cada organización que realiza o congreso, entre o 1 de xaneiro do 2008 e o 31 de decembro de 2011.

Nos casos en que, por circunstancias alleas, fidedignamente demostradas, á vontade da organización obrigada a liquidar (falta de liquidez ou outras análogas), non se estea ao corrente de pagamento das cotizacións do período indicado, establecerase un período de liquidación adicional de quince días para regularizar, que contará desde a aprobación

das respectivas normas, salvo nos casos en que fose establecido con anterioridade este período de liquidación adicional polos órganos de dirección correspondentes.

Participarán con plenitude de dereitos nos congresos ou asembleas congresuais todas as persoas afiliadas a CCOO que fosen elixidas como delegadas no seu congreso ou asemblea congresual, para o congreso respectivo. Respecto da asistencia aos congresos como membros natos dos compoñentes das comisións executivas, rexerá o disposto no artigo 10, parágrafo segundo destas Normas.

22.- Na sesión de apertura dos congresos que deban elixir novos órganos de dirección rexerá o disposto no artigo terceiro destas Normas.

A presidencia terá a función de: moderar os debates, ler as propostas de resolución, establecer os tempos para as distintas intervencións, sometelas a votación e ser a dirección sindical ata o momento en que o congreso elixa os novos órganos de dirección.

Un membro da Comisión Executiva saínte abrirá o congreso, pasando á votación do regulamento e orde do día do congreso. Aprobado este, o presidente ou presidenta dará a palabra ao secretario ou secretaria xeral saínte, para que lea o informe xeral.

23.- En todos os congresos e asembleas congresuais deberán existir as seguintes comisións:

a) Comisión de Credenciais

Verificará a identidade dos delegados e delegadas ao congreso. Resolverá os posibles conflitos e casos dubidosos.

A presidencia chamará os seus membros a reunirse para verificaren as credenciais e elaboraren a acta, dando por válido o congreso. Na acta constará o número de delegadas e delegados que deberían asistir segundo as normas de participación, e os que en realidade o fan, desagregándoos por sexos.

b) Comisión Electoral (ou de candidaturas)

Recibirá as propostas de candidaturas presentadas polas delegacións e polos delegados/as ao congreso, propostas que deberán incluír un número de mulleres equivalente, polo menos, ao nivel de afiliación que teñan no seu ámbito, de acordo co artigo 10, parágrafo cuarto dos Estatutos do S. N. en vigor.

A presidencia chamará os seus membros a reunirse para elaboraren a proposta de candidatura de cada órgano que se vaia elixir e as de delegacións que correspondan para os congresos das estruturas territoriais ou de rama superiores.

Poderán presentarse como candidatas e candidatos á elección de órganos de dirección os afiliados e afiliadas que acrediten seis meses de antigüidade na súa afiliación no momento da convocatoria do Congreso de que se trate (art. 10, parágrafo segundo dos Estatutos do S. N.).

Nos congresos poderá existir, ademais, unha comisión de resolucións coas seguintes funcións: redactar as conclusións do congreso e as resolucións específicas que a presidencia lle indique.

A presidencia propondrá ao pleno do congreso, para a súa aprobación, os temas específicos sobre os que considera que debe existir resolución.

O presidente ou presidenta chamará os seus membros a reunirse para redactaren as conclusións do congreso e os proxectos de resolucións específicas.

Unha vez redactadas as resolucións, serán votadas polo pleno do congreso. Calquera delegación ou delegado/a poderá presentar á comisión unha resolución se vén referendada polo 10 por 100 dos delegados e delegadas ao congreso, e someterase ao pleno para a súa votación.

24.- Para a celebración do congreso, a comisión executiva da organización respectiva, antes do seu cesamento, nomeará unha secretaría responsable do desenvolvemento e organización interna do congreso. As funcións desta secretaría serán:

- Responsabilizarse de toda a organización interna do congreso.
- Responsabilizarse das relacións coa prensa.
- Responsabilizarse das delegacións estranxeiras, nacionais e invitadas ao congreso (se as houber).
- Coordinar as comisións do congreso coa presidencia.
- Preparar, de acordo coa presidencia, a documentación necesaria para levar a cabo a orde do día do congreso.
- Fixar, de acordo coa presidencia, as quendas de palabras das delegacións estranxeiras e convidados (se os houber).
- Recibir as peticións de palabras dos e das portavoces das delegacións do congreso e comisións de traballo para ordenalas e pasarllas á presidencia.
- De acordo coa presidencia, proverán os medios para a confección das actas das sesións do congreso.
- Dar os resultados das votacións.

25.- A orde do día ou regulamento do congreso debe conter a forma concreta de debater os textos dos temas propostos. Unha vez debatidos (ben por comisións de traballo ben en sesión plenaria), someteranse a votación do pleno do congreso. A votación aos órganos de dirección e as delegacións aos congresos das organizacións superiores de rama e territorio poderase realizar durante o congreso.

O presidente ou presidenta exporá claramente a opción ou opcións sobre as que se haberán de pronunciar os delegados e delegadas, pedirá sucesivamente os votos a favor, en contra e as abstencións.

Posteriormente, e sen paralizar a marcha do congreso, iranse lendo os resultados das devanditas votacións.

26.- Nos casos en que o congreso funcione por comisións de traballo, estas ateranse aos seguintes criterios:

- Os delegados e delegadas de cada delegación distribuiranse proporcionalmente entre as comisións específicas en que se divida o congreso, para debater os textos dos temas propostos.
- Cada comisión elixirá un presidente ou presidenta e dous secretarios ou secretarias. O presidente/a moderará os debates e someterá á votación da comisión as distintas alternativas. Tamén poderá ser o ou a portavoz da comisión perante o pleno do congreso, defendendo os temas propostos ou as conclusións maioritarias a que chegou a comisión.
- Os secretarios ou secretarias tomarán nota das modificacións ao texto dos temas propostos para o debate —no caso de estas alcanzaren a maioría simple da

comisión—, redactarán a acta do debate, tomarán nota dos e das portavoces das minorías cuxas propostas perante a comisión acaden o 10 por 100 dos votos de integrantes da devandita comisión e dos e das portavoces das maiorías.

- Cada delegación exporá perante a comisión as eventuais conclusións ou emendas, que serán as aprobadas por maioría simple nos congresos previos das organizacións inmediatamente inferiores á que realiza o congreso, máis aquelas que, sen obteren a maioría, obtivesen polo menos o 10 por 100 dos votos das delegadas e delegados acreditados.
- As conclusións ou emendas deberán enviarse, coa antelación que fixen as normas de participación do congreso, aos órganos de dirección da organización convocadora. Esa antelación será de, polo menos, unha semana.
- No pleno do congreso, o presidente ou presidenta da comisión exporá as modificacións ao texto orixinal que fosen aprobadas pola maioría da comisión. Posteriormente, as minorías cuxas propostas de modificación ou emendas alcanzasen o 10 por 100 da comisión de traballo exporanas, respondendo a cada unha delas a presidencia da comisión ou o/a correspondente portavoz elixido/a pola maioría. A duración da intervención de cada minoría ou portavoz da maioría e a de réplica do/da portavoz da maioría fixaraa a presidencia do congreso en función do tempo dispoñible.

27.- No pleno do congreso, os textos dos temas propostos e as propostas de eventuais modificacións serán votadas globalmente con aquelas da mesma natureza, facéndose a votación por separado das de natureza distinta. As resolucións dos congresos votaranse globalmente ou por separado, e a aprobación será por maioría simple.

28.- Durante os congresos elixiranse os órganos de dirección e todos os delegados e delegadas que asistirán aos congresos das federacións estatais e do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia, coa posibilidade de compaxinar a elección coa votación dos textos.

Deberase elixir, así mesmo, un 20 por 100, como mínimo, de delegados/as suplentes, que só substituirán os e as titulares logo da renuncia por escrito destes, explicando as razóns da súa non asistencia; os documentos de renuncia do/da titular deberán ir asinados por este/a.

No caso de se presentar máis dunha lista para a elección de delegados/as a congresos de organizacións superiores, enténdese que os e as suplentes o serán por cada unha delas.

29.- Do congreso redactarase a acta que conterà: os textos dos temas debatidos, as propostas de modificación dos devanditos textos, as eventuais resolucións, o resultado das votacións, os nomes das persoas elixidas que conformarán os órganos de dirección, os nomes das persoas elixidas que asistirán aos congresos das organizacións superiores de rama e territorio, e as incidencias relevantes que se producisen no desenvolvemento do congreso. Á devandita acta xuntarase un exemplar de cada unha das candidaturas presentadas.

Unha copia desta acta enviarase inmediatamente ás secretarías de organización superiores de rama e territorio.

CAPÍTULO IV**SOBRE O X CONGRESO DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA**

30.- O X Congreso do Sindicato Nacional de CCOO celebrarase os días 24 e 25 de xaneiro do 2013 en Santiago de Compostela.

31.- O número de delegados/as será de 250, tomando como base a media de cotizacións liquidadas ao Sindicato Nacional correspondentes ao período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 31 de decembro de 2011.

Para as organizacións que incumprisen os acordos confederais en relación co valor da cota, o cálculo de delegados/as farase aplicando o valor da cota confederal.

Os delegados e delegadas distribuiranse da forma seguinte: 114 na estrutura de rama, 114 na estrutura de territorio, e sendo natos os 22 membros da Comisión Executiva Nacional.

O Consello Nacional aprobará o número de delegados e delegadas ao X Congreso Nacional, que deberán elixir nos congresos as respectivas organizacións. As organizacións terán un prazo de quince días para impugnar a distribución de delegados/as.

Finalizado o prazo, o Consello Nacional resolverá as posibles impugnacións na súa primeira reunión posterior, e publicarase a lista definitiva de delegados e delegadas que han elixir as respectivas organizacións.

O número de cotizantes de cada organización de rama e territorio, desde o nivel comarcal, solicítaselle á UAR a través da Secretaría de Finanzas e Administración do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia, verificándose posteriormente coas organizacións.

Co fin de garantir a presenza de todas as organizacións cotizantes no X Congreso Nacional, no caso daquelas que, polas cotizacións, non tivesen presenza, garantirase como mínimo un delegado ou delegada.

Os membros da Comisión Executiva Nacional serán membros natos.

32.- Cada delegación elixirá un presidente ou presidenta, que actuará como portavoz desta cando emita a súa opinión.

33.- As organizacións enviarán á Secretaría de Organización Nacional, nun prazo máximo de dous días desde a súa celebración, as actas dos seus respectivos congresos, que deberán conter as emendas que puidese haber delas respecto dos documentos do X Congreso Confederal, así como os nomes dos delegados e delegadas elixidos ao congreso —coa desagregación numérica por sexo— e a asignación destes ás distintas comisións. Figurará tamén o nome do presidente ou presidenta da delegación. Á devandita acta xuntarase un exemplar de cada candidatura presentada.

34.- As delegacións ao X Congreso Nacional serán:

- a) Unións comarcais e intercomarcais: A Coruña, Ferrol, Santiago-Barbanza, Lugo, A Mariña, Ourense, Pontevedra, Vigo e Arousa.

- b) Federaci3ns nacionais: Actividades Diversas, Agroalimentaria, FSC, COMFÍA, FECOMA, Ensino, FECOHT, Industria, Pensionistas e Xubilados, FITEQA e Sanidade e Sectores Sociosanitarios.

35.- A presidencia do X Congreso do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia estar3 formada por:

- Un membro de cada unha das catro federaci3ns con maior n3mero de cotizantes.
- Un membro de cada unha das catro uni3ns comarcais e intercomarcais con maior n3mero de cotizantes.
- Tres membros da Comisi3n Executiva Nacional saínte.
- Ata un m3ximo de catro membros elixidos pola Comisi3n Executiva saínte, en consideraci3n 3 conveniencia de que formen parte da presidencia organizaci3ns de reducida cotizaci3n ou en representaci3n de sectores específcos de traballadores e traballadoras.
- Os membros procedentes dos territorios e ramas ser3n elixidos/as previamente pola respectiva delegaci3n.

36.- As comisi3ns do congreso estar3n formadas por:

Comisi3ns de Credenciais

- Un membro de cada unha das delegaci3ns ao congreso.
- Dous membros da Comisi3n Executiva Nacional saínte.

Comisi3n de Resoluci3ns

- Un membro por cada unha das catro federaci3ns de maior cotizaci3n.
- Un membro por cada unha das catro uni3ns comarcais e intercomarcais de maior cotizaci3n.
- Dous membros da Comisi3n Executiva saínte.

Comisi3n Electoral (ou de candidaturas)

- Un membro por cada unha das delegaci3ns ao congreso.
- Tres membros da Comisi3n Executiva Nacional saínte, garantindo a presenza de homes e mulleres.

37.- Os debates do X Congreso Nacional celebraranse en sesi3n plenaria, sacando as comisi3ns reflectidas no n3mero anterior cuxas conclusi3ns se trasladar3n ao plenario do xeito que se determine no regulamento. No entanto, o Congreso poder3 decidir, na votaci3n do regulamento, traballar en comisi3ns se o n3mero de emendas que subsisten tras a aplicaci3n do procedemento que a continuaci3n se indica as3 o aconsellase. Para facilitar os debates en plenario seguiranse as seguintes normas:

- a) Antes do 10 de xaneiro de 2013 celebraranse reuni3ns dos/as presidentes/as ou portavoces de cada delegaci3n, as3 como de portavoces das posici3ns minoritarias con m3is do 10 por 100 dos votos de cada delegaci3n, xunto cos membros da comisi3n de relatorio elixida.
- b) Na citada reuni3n acordaranse as emendas ou modificaci3ns aprobadas aos textos propostos nos congresos previos que se asuman, as3 como os textos transaccionais.

- c) As restantes emendas ou modificacións non asumidas ou froito de transaccións quedarán para ser debatidas nas sesións plenarias do Congreso. Iso permitirá que, de acordo coa presidencia do Congreso, se distribúan tempos de defensa de emendas e texto proposto máis amplos, así como a existencia de varias quendas a favor e en contra, de xeito que o plenario do Congreso poida coñecer do debate e emendas máis substantivas expostas sobre os textos propostos.
- d) No caso de algunha delegación se mostrar maioritariamente desconforme con algunha emenda asumida ou transaccionada na reunión previa de portavoces coa comisión de relatorio, poderá requirir da mesa presidencial tempo para defender o texto orixinal fronte á emenda ou texto transaccionado.

CAPÍTULO V

SOBRE OS ACORDOS DE CONGRESOS E ASEMBLEAS CONGRESUAIS PREVIAS AO X CONGRESO DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA

38.- Todos os acordos, resolucións e emendas dos congresos ou asembleas congresuais das federacións, unións e sindicatos de CCOO que poidan afectar ao conxunto do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia ou aos Estatutos terán carácter de propostas para a súa discusión e, se for o caso, aprobación no X Congreso Nacional.

39.- A elección dos órganos de dirección ou dos delegados e delegadas en todos os congresos e asembleas congresuais, regulados nestas normas, realizaranse conforme ao disposto no artigo 10 dos Estatutos do S. N. de CCOO, tanto se se trata de candidaturas únicas coma se, reunindo os requisitos establecidos no devandito artigo, se presentan diferentes candidaturas.

Asegurarase un tempo mínimo de catro anos de afiliación para poder ser membro da Comisión Executiva Nacional, da Comisión de Garantías e da Comisión de Control Administrativo e Finanzas.

40.- Para a elección da Comisións de Garantías e de Control Administrativo e Finanzas, procederase de acordo co disposto no artigo 10.e, en concordancia cos artigos 29 e 30 dos Estatutos do S. N. de CCOO de Galicia.

CAPÍTULO VI

PROCEDIMENTO DE RECLAMACIÓNS SOBRE O DESENVOLVEMENTO DO PROCESO CONGRESUAL PREVIO AO X CONGRESO DO S. N. DE CCOO

NIVEL I / NIVEL II

1. Todas as reclamacións sobre o desenvolvemento do proceso congresual nestes niveis organizativos deberanse formalizar por escrito ante a Comisión de Reclamacións Congresuais do NIVEL III no prazo de dous días contados a partir da data do feito concreto contra o que se reclama, salvo que nas Normas Congresuais se indique expresamente outro prazo.

2. A Comisión de Reclamacións Congresuais do nivel III disporá dun prazo de tres días contados a partir do seguinte á data en que reciba a reclamación para resolver e notificar, salvo que nas Normas Congresuais se indique expresamente outro prazo.

3. A resolución da Comisión de Reclamacións do nivel III poderá ser recorrida ante a Comisión de Interpretación de Normas e Resolución de Recursos do nivel IV do seu ámbito, no prazo de dous días contados a partir da notificación da resolución.

4. Esta Comisión do nivel IV disporá de tres días contados a partir da recepción do recurso para resolver e notificar.

5. As resolucións da Comisión do nivel IV que resolven os recursos contra as resolucións do nivel III son definitivas e executivas.

NIVEL III

1. Todas as reclamacións sobre o desenvolvemento do proceso congresual correspondentes a este ámbito deberán formalizarse por escrito ante a Comisión de Interpretación de Normas e Resolución de Recursos do NIVEL IV no prazo de dous días contados a partir da data do feito concreto do proceso congresual contra o que se reclama, salvo que expresamente se indique outro prazo.

2. A Comisión de Interpretación de Normas e Resolución de Recursos do NIVEL IV disporá dun prazo de tres días —contados a partir do día seguinte á data en que reciba a reclamación— para resolver e notificar a decisión a quen reclama.

3. A resolución da Comisión de Reclamacións do nivel IV poderá ser recorrida ante a Comisión Confederal de Interpretación de Normas e Resolución de Recursos no prazo de dous días contados a partir da notificación da resolución.

4. A Comisión Confederal de Interpretación de Normas e Resolución de Recursos disporá dun prazo de tres días, contados a partir da recepción do recurso, para resolver e notificar.

5. As resolucións da Comisión Confederal resolvendo os recursos contra as resolucións do nivel IV son definitivas e executivas.

NIVEL IV

1. Todas as reclamacións sobre o proceso congresual correspondente a este ámbito deberán formalizarse ante a Comisión Confederal de Interpretación de Normas e Resolución de Recursos, no prazo de dous días contados a partir da data do feito concreto do proceso electoral contra o que se reclama.

2. Esta Comisión Confederal disporá dun prazo de tres días —contados a partir do día seguinte á data en que reciba a reclamación— para resolver e notificar.

3. As resolucións da Comisión Confederal de Interpretación de Normas e Resolución de Recursos resolvendo as reclamacións sobre o proceso congresual do nivel IV son definitivas e executivas.

CRITERIOS COMÚNS

- a) Para os efectos de computar os prazos, todos os días se consideran hábiles agás os domingos e festivos (entendendo por estes os días festivos do Estado, comunidade autónoma e locais do ámbito xeográfico do reclamante).
- b) Nas reclamacións apuntaranse os datos identificativos das persoas que reclaman (nome e apelidos, número de DNI, domicilio, así como o teléfono móbil, fax ou correo electrónico, se dispón deles, para a práctica de toda clase de comunicacións por eses medios). Dado o carácter urxente e extraordinario do procedemento de reclamacións congresuais, o/a reclamante terá de asegurarse de que ten

dispoñibilidade para recibir as correspondentes notificacións dentro dos prazos que se sinalan nestas Normas.

Estas reclamacións serán presentadas por escrito asinado por quen reclama no domicilio da Comisión correspondente por calquera medio (persoalmente, fax, correo electrónico ou outros) que permita que a reclamación sexa rexistrada dentro do prazo habilitado para a súa presentación. Non se admitirán reclamacións que non se reciban na Comisión correspondente dentro do prazo sinalado.

- c) No escrito de reclamación, ao que se xuntarán os documentos que conveñan aos dereitos do reclamante, expresárase a correspondente Comisión á que se dirixe e enumeraranse de forma clara e concreta os feitos sobre os que se reclama e todo aquilo que, segundo as normas, resulte imprescindible para resolver as cuestións expostas, e expresárase claramente a petición concreta da reclamación.

En ningún caso poderá alegarse nos recursos que se presenten ante as Comisións de segunda instancia feitos distintos dos alegados na primeira nin modificar a petición inicial.

- d) Dado o carácter extraordinario e urxente do procedemento de reclamacións, só serán atendidas as reclamacións ou recursos que se presenten ante a Comisión competente segundo as Normas congresuais, sendo rexeitadas de plano todas as reclamacións ou recursos que non cumpran este requisito esencial. Así mesmo, serán desestimadas de plano todas as reclamacións ou recursos que non cumpran os requisitos que se apuntan nestas normas.
- e) A todas as reclamacións ou recursos asignaráselles un número de referencia e quedarán debidamente rexistradas na Comisión correspondente. A Comisión competente xustificará a recepción da reclamación ou recurso.
- f) Nas resolucións das Comisións indicárase se fronte a elas cabe recurso, ante quen debe interporse e o prazo para facelo.
- g) Todas as Comisións teñen a ineludible obriga de resolver as súas reclamacións dentro dos prazos fixados, utilizando criterios homoxéneos e fundados nos Estatutos e regulamentos sindicais e nas resolucións da Comisión de Garantías Confederal, evitando en todo momento a arbitrariedade nas súas decisións e garantindo que o reclamante non quede en situación de indefensión.
- h) Finalizada a vía de recursos establecida para cada nivel organizativo, as resolucións da Comisión serán definitivas e executivas, e contra elas non caberá recurso ante ningún órgano de dirección sindical.
- i) Sen prexuízo do anterior, e para o exclusivo suposto de que quen reclama entendese que se vulneraron os principios de democracia interna recoñecidos nos Estatutos, poderá recorrer a resolución declarada definitiva e executiva ante a Comisión de Garantías polo procedemento extraordinario de urxencia (art. 29.5 dos Estatutos do Sindicato Nacional). A interposición destes recursos non interromperá o desenvolvemento do proceso congresual.

ANEXO I**NÚMERO DE DELEGADOS E DELEGADAS QUE COMPORÁN OS DIFERENTES CONGRESOS****TRAMOS DE AFILIACIÓN N.º DE DELEGADOS/AS**

TRAMOS DE AFILIACIÓN	N.º DELEGADOS E DELEGADAS
Ata 2.000	25-50
De 2.001 ata 5.000	40-75
De 5.001 ata 12.000	50-125
De 12.001 en diante	75-150

A composición dos congresos deberá respectar esta táboa, e só con carácter extraordinario e motivado pode ser modificada tanto á alza como á baixa nunha porcentaxe máxima do 10%.

ANEXO II**PROCEDIMIENTO EXTRAORDINARIO DE URXENCIA DA CGN PARA A RESOLUCIÓN DOS RECURSOS AOS PROCESOS CONGRESUAIS**

Este anexo desenvolve o artigo 29.5 dos Estatutos do Sindicato Nacional, que di que «para o caso específico dos procesos congresuais establecerase un procedemento extraordinario de urxencia co obxecto de reducir ao máximo posible os prazos de resolución».

Artigo 1. Ámbito

Este procedemento será de aplicación aos recursos presentados contra resolucións definitivas dos órganos correspondentes, en materia congresual, que aleguen vulneración da democracia interna. Quedan excluídos os recursos sobre materia organizativa.

Artigo 2. A Comisión Permanente

Para facilitar a tramitación e resolución con carácter de urxencia de recursos en materia de procesos congresuais, a CGN nomeará no seu seo unha Comisión Permanente de Recursos Congresuais, formada por tres dos seus membros:

O presidente/a, o secretario/a e un/ha dos vogais.

A CPRC terá as seguintes funcións e competencias:

1. Recibir e arquivar as resolucións e expedientes remitidos polas distintas instancias.
2. Recibir e tramitar os recursos que se presenten.
3. Non admitir a trámite os recursos que non cumpran os requisitos de lexitimación, tempo e forma; así como aqueles de contido estritamente organizativo que xa foran resoltos con carácter definitivo pola instancia organizativa correspondente. O prazo para decidir a admisión ou non do recurso será de tres días hábiles desde que se recibe. A

decisión da CPRC non é recorrible e esgota a vía interna. A dita decisión será ratificada na primeira reunión en pleno da CGN.

4. Acumular, para resolver de forma conxunta, aqueles recursos de contido similar.
5. Redactar a proposta de resolución que se someterá á aprobación da CGN.
6. A CPRC disporá dun prazo máximo de seis días hábiles desde que recibe o recurso para pór a disposición da CGN a proposta de resolución.

Artigo 3. Presentación de recursos

Para facilitar a rapidez na tramitación, admitiranse e potenciaranse as comunicacións a través do fax e do correo electrónico, sen prexuízo de que, nese momento ou a posteriori, se verifique a autenticidade das comunicacións.

Co mesmo fin, nos recursos sinalaranse os enderezos de correo electrónico, fax, teléfono, etc. que permitan a comunicación nos prazos establecidos.

As resolucións definitivas das Comisións de Interpretación de Normas e Resolución de Reclamacións do nivel III, sobre recursos de contido congresual referidos a reclamacións aos procesos congresuais, á vez que se comunican ao reclamante, remitiranse, xunto coa totalidade do expediente, á CPRC.

Estas resolucións serán recorribles, nas condicións establecidas no artigo 1, no prazo de dous días desde a súa notificación, mediante o envío do correspondente recurso, ante a CGN, a cal dará a coñecer o seu enderezo postal, o de correo electrónico e os números de teléfono e fax.

Os recursos identificarán inequivocamente a resolución que se recorre, os feitos ocorridos, os principios de democracia interna vulnerados, os motivos e fundamentos do recurso e a solicitude concreta que se realiza; e deberán cumprir ademais os requisitos establecidos nos artigos 8 e 9 do Regulamento da CGN, e non se admitirá posibilidade de corrección.

Artigo 4. Tramitación

Unha vez recibido o recurso, a CPRC dispón dun prazo de tres días para decidir a súa admisión a trámite, así como a súa acumulación con outros da mesma natureza e a práctica ou non das probas documentais ou testemuñais solicitadas.

A CPRC poderá solicitar, tanto do recorrente como dos órganos sindicais e partes concernidas, os documentos ou testemuños que requira para unha mellor comprensión dos feitos. Todas as partes actuarán coa dilixencia necesaria para dar cumprimento a estes requirimentos nos brevísimos prazos establecidos.

A CPRC redactará a proposta de resolución que corresponda e poraa a disposición da CGN no prazo máximo de seis días hábiles.

A CGN reunirse unha vez por semana e resolverá sobre todas as propostas de resolución presentadas pola CPRC.

As resolucións redactaranse e comunicaranse no prazo de dous días. Os eventuais votos particulares redactaranse no prazo dun día, para ser incorporados á resolución.

A resolución comunicarase á persoa ou persoas interesadas polos medios que elas indicaran no recurso.

En casos de extrema urxencia, poderá recorrerse ao procedemento sinalado no artigo 11.3.b do Regulamento da CGC, dada a súa función subsidiaria no que non se recolla no regulamento da CGN.

As resolucións da CGN esgotan a vía interna e non admiten recurso sindical ningún.

Para os únicos efectos deste procedemento de urxencia, considéranse hábiles todos os días, agás domingos e festivos.

Para todo o non previsto neste anexo, rexerá o disposto no vixente Regulamento da CGN.

Anexo III

X Congreso do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia**Distribución de delegados e delegadas por media de cotizacións 2008-2011**

ORGANIZACIÓNS	COTIZANTES						DISTRIBUCIÓN				
	2008	2009	2010	2011	TOTAL	Media	%(*)	Enteiros	Resto	TOTAL	% afiliadas
A Coruña	9.484	9.814	9.879	9.725	38.902	9.726	20,98	20	1	21	44,12
Ferrol	7.928	8.265	7.854	7.991	32.038	8.010	17,28	17		17	28,26
Stgo.-Barbanza	5.504	5.974	6.064	5.924	23.466	5.866	12,66	12	1	13	46,40
Lugo	4.245	4.435	4.478	4.319	17.477	4.369	9,43	9		9	38,34
A Mariña	1.635	1.685	1.729	1.734	6.782	1.696	3,66	3	1	4	32,54
Ourense	5.186	5.510	5.424	5.269	21.388	5.347	11,54	11	1	12	41,64
Pontevedra	3.276	3.415	3.458	3.374	13.522	3.381	7,29	7		7	41,96
Vigo	11.836	12.305	12.356	12.199	48.696	12.174	26,26	26		26	37,09
Arousa	2.246	2.364	2.380	2.175	9.164	2.291	4,94	4	1	5	40,58
TOTAL	51.338	53.765	53.687	52.572	211.362	52.841	114,00	109	5	114	39,02

Actividades Diversas	2.413	2.544	2.645	2.667	10.270	2.567	5,54	5	1	6	54,15
Agroalimentaria	2.144	2.115	1.994	1.888	8.140	2.035	4,39	4		4	50,68
FSC	11.005	11.275	11.276	11.291	44.848	11.212	24,19	24		24	39,05
COMFÍA	3.719	4.124	4.332	4.245	16.419	4.105	8,86	8	1	9	45,55
FECOMA	3.315	3.644	3.696	3.490	14.144	3.536	7,63	7	1	8	5,88
Ensino	5.050	5.237	5.105	4.828	20.221	5.055	10,91	10	1	11	72,97
FECOHT	3.526	3.778	3.861	3.727	14.891	3.723	8,03	8		8	64,54
Industria	11.410	11.795	11.244	10.705	45.154	11.289	24,35	24		24	7,92
FITEQA	2.935	2.922	2.962	2.885	11.704	2.926	6,31	6		6	42,94
Sanidade	2.926	3.265	3.496	3.669	13.356	3.339	7,20	7		7	80,60
Pensionistas e xubilados	2.896	3.067	3.076	3.177	12.216	3.054	6,59	6	1	7	17,36
TOTAL	51.338	53.765	53.687	52.572	211.362	52.841	114,00	109	5	114	39,02

N.º delegados e delegadas para distribuír	228
Delegadas e delegados natos (Comisión Executiva Nacional)	22
Total	250

(*) Resultado de dividir o n.º de delegados e delegadas que se van elixir (114) pola media de cotizantes (52.841) = 463,51

ANEXO IV
MODELOS DE ACTAS

ACTA DA ASEMBLEA CONGRESUAL CELEBRADA EN:

1. Centro de traballo

2. Empresa

3. Rama

4. Localidade Comarca

5. Data celebración

6. N.º afiliados/as a CCOO 6.1. Homes 6.2. Mulleres

7. N.º delegados/as asistentes 7.1. Homes 7.2. Mulleres

8. Órgano superior asistente

9. Orde do día da Asemblea:

- 1. _____
- 2. _____
- 3. _____

10. Composición da Mesa Presidencial da Asemblea:

Presidente/a _____
Secretario/a _____
Vogal _____

11. Nomes do novo órgano de dirección (de se elixir) coa expresión da votación:

Secretario/a xeral

Comisión Executiva:

12. Nome dos delegados/as elixidos para o congreso ou asemblea de rama e/ou territorio:

N.º que corresponde elixir Homes Mulleres

A) Titulares

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.

A) Suplentes

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.

13. Anexo 1. Como tal anexo, xúntanse os textos do debate e as emendas votadas maioritariamente, con expresión das votacións acadadas por cada unha delas (caso de non poder xuntar os textos, copiar as emendas no espazo destinado ao anexo I).

14. Anexo 2. Como tal anexo, xúntanse os textos das emendas votadas minoritariamente pero que acadaron o 10 % dos votos, con expresión das votacións por cada unha delas (caso de non poder xuntar os textos, copiar as emendas no espazo destinado ao anexo II).

15. Anexo 3. Como tal anexo, xúntanse as resolucións aprobadas pola Asemblea, coa expresión dos votos acadados por cada unha delas.

16. Como secretario da Mesa, fago constar (relatar brevemente calquera outra circunstancia relevante):

.....
.....
.....
.....
.....

17. Sinaturas dos compoñentes da Mesa da Asemblea.

V. e Pr. O/A Presidente/a

O/A Secretario/a

Vogais

ACTA DO CONGRESO OU ASEMBLEA CONGRESUAL CELEBRADA EN:

1. Comarca

2. Federación /Sindicato

3. Data de celebración

4. N.º total de asistentes

a) Membros natos b) Membros elixidos c) Homes Mulleres

5. Órgano superior asistente

6. Orde do día do Congreso ou Asemblea:

1. _____

2. _____

3. _____

7. Composición da Mesa Presidencial da Asemblea:

Presidente/a: _____

Secretario/a: _____

Vogais: _____

8. Nomes do novo órgano de dirección (de se elixir), coa expresión da votación:

Secretario/a xeral

Comisión Executiva:

9. Número de listas presentadas á elección dos órganos de dirección e votos obtidos por cada unha:

Candidatura		N.º de votos obtidos	
Candidatura		N.º de votos obtidos	
Candidatura		N.º de votos obtidos	

10. Nome dos delegados/as elixidos para o Congreso ou Asemblea Congresual do órgano superior:

N.º que corresponde elixir Homes Mulleres

A) Titulares
1.
2.
3.
4.
5.

A) Suplentes
1.
2.
3.
4.
5.

11. Anexo 1. Como tal anexo, xúntanse os textos do debate e as emendas votadas maioritariamente, coa expresión das votacións acadadas por cada unha delas (caso de non poder xuntar os textos, copiar as emendas no espazo destinado ao anexo 1).

12. Anexo 2. Como tal anexo, xúntanse os textos das emendas votadas minoritariamente pero que acadaron o 10 % dos votos, coa expresión das votacións por cada unha delas (caso de non poder xuntar os textos, copiar as emendas no espazo destinado ao anexo 2).

13. Anexo 3. Como tal anexo, xúntanse as resolucións aprobadas pola Asemblea, coa expresión dos votos acadados por cada unha delas.

14. Outras incidencias relevantes (detalladas):

15. Sinaturas da Mesa e data da confección da acta.

V. e Pr. O/A Presidente/a

O/A Secretario/a

Vogais

Anexo I

TEXTO DO DEBATE E EMENDAS MAIORITARIAS (1)

1. Xúntanse os textos, con expresión ao final destes do resultado da votación de cada emenda.
2. Copia das emendas maioritarias.

1.^a (texto)

Votos a favor Votos en contra Abstencións Total votos

2.^a (texto)

Votos a favor Votos en contra Abstencións Total votos

3.^a (...)

(1) *De se optar polo método do apartado 1, o apartado 2 queda eliminado e viceversa.*

Anexo II

EMENDAS QUE ACADARON O 10 % DOS VOTOS ESIXIBLES POLA NORMATIVA (1)

1. Xúntanse os textos, con expresión ao final destes do resultado da votación de cada emenda.
2. Copia literal das emendas minoritarias:

1.^a (texto)

Votos a favor Votos en contra Abstencións Total votos

2.^a (texto)

Votos a favor Votos en contra Abstencións Total votos

3.^a (...)

(2) *De se optar polo método do apartado 1, o apartado 2 queda eliminado e viceversa.*

Anexo III. RESOLUCIÓNS DO CONGRESO

Xúntanse os textos das resolucións; as votacións foron as seguintes:

1. Resolución sobre (citar o tema obxecto de resolución).

Votos a favor Votos en contra Abstencións Total votos

2. Resolución sobre (citar o tema obxecto de resolución).

Votos a favor Votos en contra Abstencións Total votos

3.^a (...)

CALENDARIO PROCESO CONGRESUAL X CONGRESO NACIONAL

Setembro 2012																																																															
Sábado	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo																											
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30																																		
Asembleas congresuais de seccións sindicais ou centros de traballo e empresas de ata 25 persoas afiliadas e agrupamento daquelas que teñen menos de 25 persoas afiliadas																																																															
Outubro 2012																																																															
Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo	Luns	Martes	Mércores																										
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31																																	
									Resolución reclamación Nivel I	Congresos sindicato comarcais e intercomarcais de rama																																																					
Novembro 2012																																																															
Xoves	Venres	Sábado	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres																											
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30																																		
						Resolución reclamación Nivel II	Congreso de unións comarcais e intercomarcais										Congresos de federacións nacionais										Resolución reclamación Nivel IUCC III																																				
Decembro 2012																																																															
Sábado	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo	Luns																										
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31																																	
Congresos de federacións nacionais																		Resolución reclamación Nivel FFNN III																																													
Xaneiro 2013																																																															
Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves																										
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31																																	
Congresos confederacións de nacionalidade ou rexión													Congresos federacións estatais												X Congreso S. N.																																						
Febreiro 2013																																																															
Venres	Sábado	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado																											
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30																																		
Congresos federacións estatais				Data límite envío emendas			Resolución reclamacións Nivel IV																																																								